

O BARCO



DE VAPOR

Valdemuller

Xosé A. Neira Cruz

Premio O Barco de Vapor 1997

smxerme

Capítulo I

CUMPRIR quince anos é todo un acontecemento. Polo menos na miña familia.

Semanas antes de que chegue a fatídica data empezan a repetirse os avisos velados, as preguntas casuais sobre gustos e necesidades fanse habituais, e as referencias ao implacable paso do tempo acompañan os cereais de cada almorzo. Cando xa só faltan días para o acontecemento, o ambiente familiar vólvese realmente irrespirable.

Non sei por que nin quen impuxo na miña casa ese costume de celebrar os quince por todo o alto. Só sei que antes de chegarme a vez, miña irmá Clara viviu a súa única festa de facer anos ao alcanzar esa idade, e que antes tamén lle tocou a mesma sorte a miña nai e a todas as súas irmás, que son nada menos que cinco, todas mulleres, ningún home á vista en catro xeracións de nós para atrás. Xa que logo, a cousa vén de vello e, como sempre nos toca as donas, coido que algo ten que ver coa parvada esa da posta de longo que tanto segue a botar en falta a avoa.

—Para min foi, sen dúbida, o día máis feliz da miña vida —ten dito máis dunha vez, e sempre que llo oio ponme dos nervios. Acto seguido remenda a faena engadindo que por feliz ela entende despreocupado, pois seica non pode dicir o mesmo dos días nos que naceron súas fillas, nin moito menos do día en que casou co avó que, como todos sabemos sen necesidade de que nolo pregoe, quedou riscado na súa axenda vital poucos anos despois de vestir de branco, cando a meu avó lle predixeron que tería unha vida curta e acordou apurar a que lle quedaba toda dun golpe. Fixo ben, porque quen lle leu o futuro levaba razón. Pero iso non o escusou nunca a ollos de miña avoa, que aínda hoxe evita falar de seu home coma quen foxe dunha pantasma.

Así que tamén a min me chegaron os quince.

Posto que non podía manterme á marxe desa tradición da familia, acordei vivila do xeito máis distante e veloz posible. A semana anterior estiven de súpeto ocupadísima e chea de exames e traballos extra que cumpría entregar sempre ao día seguinte.

—Tamén é casualidade que che vaia tocar tanto lerio precisamente estes días —muiñou con desconfianza miña irmá, que é das que senten a festa dos quince como un deses valores que nos diferencian do resto da humanidade.

—Tamén o digo eu. E non poderíamos falar co titor para que che aprace algunhas desas pro-

bas? —seguiu miña nai, que por ningunha outra cousa do mundo iría pedirlle ao meu titor que me cambiasen un exame de data.

Ía berrar como é debido que non, grazas, que os meus exames son meus, pero estivo meu pai máis áxil para botarme un capote e salvar a situación cun «deixade as cousas como están. Ha de haber tempo para todo», que lle agradecín na alma cunha trusgada de ollo durante aquel interminable repaso de preparativos que viñamos repetindo nos xantares desde había quince días.

Entre eses preparativos, e supoño que no meu caso como unha carga de persuasión engadida, a avoa tirou unha tarde da súa hucha dos recordos o vello álbum de fotos, unha desas reliquias que realmente paga a pena ver cando menos unha vez na vida. Colocadiñas en cadansúa lámina de cartón, coas datas e os nomes escritos á marxe en letra picuda e coidada, foron pasando ante os meus ollos retratos de varias mulleres que se encargaran de presentarme ben veces desde a miña infancia. O da bisavoa Rosa —nai da avoa— cangada de encaixes e muselinas, cunha ollada lánguida e enigmática que aínda hoxe é posible adiviñar no fondo dos ollos de miña nai cando fica ensumida nalgún deses seus pensamentos que me encantaría coñecer. A seguir, a foto da avoa, fermosa e seria, como aínda o segue a ser na súa vellez, a lucir antuca e unhas luviñas de

raso que de pequena a min me gustaba coller de furto da súa cómoda para xogar ás damas antigas con Clara e algunha de miñas curmás. A continuación viña a foto de tía Laura, irmá da avoa, feita un repolo andante e cunha cara de relambida a pobre que non podía con ela. Claro que isto hai que calalo, pois a tía Laura —unha santa, segundo a avoa— vén sendo unha especie de institución do bo siso e da decencia feminina que en absoluto admite ningún tipo de broma, por inocente que esta sexa. Ademais, finou nova, dunha escarlatina, e a súa morte converteuse nun deses dramas familiares que a avoa aínda segue a lembrar todos os anos sen faltar un coa misa de cabodano que lle bota na parroquia o día do seu pasamento.

Logo da súa foto, comentada devagar —por máis que para min sexa unha das menos interesantes— chegaba o momento en que sempre, de xeito automático, a avoa pasaba dúas páxinas do álbum pretendendo facer ver que só pasara unha. Mira que o teño intentado, pero nunca conseguín que ninguén me dese unha explicación sobre o motivo daquela práctica, e mesmo cando logrei ver o álbum pola miña conta tampouco fun quen de revelar o misterio. Porque naquela folia que se volvía ás agachadas non había nada. Ao menos xa non había nada: só as marcas do pegamento que termara dun retrato

que xa non existía e mais un borrancho con tinta negra que alguén fixera sobre a anotación marxinal. Salvárase da riscada unha data, 1940, que tampouco me servira de moito para iniciar ningunha pescuda.

Finalmente, chegaba unha serie de retratos máis novos, os de miña nai e súas irmás, que inauguraban propiamente a galería da festa dos quince. Primeiro viña a foto de tía Xela, a máis vella de todas, embutida nun traxe de Sissí emperatriz que, francamente, lle sentaba coma un tiro. Despois, estaba a de miña nai, un pouco desaborida, é certo, pero cando menos sinxela, que xa é un valor neste tipo de saraos. Seguía unha foto das tías Rita e Lupe, xemelgas ata no día da festa dos quince, e na cartolina seguinte, a de tía Sara, máis tesa ca unha espeta e inexpresiva coma a momia de Tuthankamon. Finalmente, chegaba o recordo da festa de Olga, á que, sexa porque é a máis nova das irmás de miña nai, sexa porque, con moita diferenza, é coa que mellor me levo, nunca lle chamei tía. Olga levara aquel día o mesmo vestido de tía Sara, pero desprovisto de todos os perifoles da outra.

—Non quixen elixir traxe. Tampouco a min me gustaban estes folicos —contoume un día Olga—. En castigo, a avoa obrigoume a levar o de Sara. Fun eu a que lle arrinquei todas as flo-

riñas e chilindradas que o recargaban. Xa que o tiña que poñer, polo menos había que arranxalo para facer o menor ridículo posible.

A parte final do álbum, coas fotos de miña irmá e tres ou catro curmás que xa pasaran polo aro, non me interesaba en absoluto, e a avoa tivo o detalle de aforrarme o trago, consciente de que, para o que eu aturo estas cousas, aquela tarde xa cumprira ata rebordar.

—E non cres que, con tantas como aquí hai, unha menos non se ía notar? —suxerínlle na derradeira das tentativas por aforrar a festa dos quince.

Pero non houbo maneira. Así que, chegou o día e, por suposto, chegou a romaría.

En poucos minutos a casa foise enchendo dos máis insospeitados parentes habidos e por haber, que eu ía vendo entrar cunha mestura de curiosidade e terror —dependendo de quen chegase— desde a fiestra do meu cuarto. Porque, claro está, a protagonista do ritual debía permanecer enclaustrada na súa torre ata que soase a trompeta que marcaba o comezo da cerimonia.

Nese momento, baixaría do dormitorio do brazo de meu pai, entraríamos no salón e, dese xeito, daría comezo un inacabable intercambio de bicos e sorrisos para deixar saturado de mexericadas a medio orfanato. E despois dos petiscos e o copeo —a economía familiar xa non dá

para as ceas doutrora, tampouco o comedor nos permite sentar vinte e cinco persoas xuntas— chegaba o momento sinalado do vals. Tamén con meu pai como inseparable parella.

Pois ben, o programa desenvolveuse tal e como estaba trazado, pero con algúns inesperados cambios sobre a marcha que, mira por onde, fixeron que a miña festa dos quince se convertese nun acto realmente memorable.

Primeiro cambio? A miña indumentaria. Sen propoñerme, e sen eu ter nada que ver co tema —que conste— sucedeu algo marabilloso que deu ao traste co horripilante vestido de tules e abelorios que me tiñan disposto. E é que, dunha hora para a outra, a roupa —que agardaba pousada enriba da miña cama— apareceu escachizada polo chan, con indicios ben claros de que alguén con pelo e poutas moi afiadas a utilizara como improvisado leito para a soneca de media tarde. Á responsable da desfeita, Tara, a gata de miña avoa, a trasnada case lle custa a expulsión do círculo familiar, e, por suposto, un baixón na estima da súa ama que padeceu durante meses. Pola contra, aquel día ela e mais eu asinamos en segredo un pacto de mutua cooperación que aínda hoxe dura e que nos ten dado moi bos resultados.

—Que desastre! E agora que imos facer...?
—clamou miña nai, coma se realmente acabase

de descubrir que súa filla pequena viña de contraer unhas febres africanas para as que, polo de agora, non había remedio nas farmacias europeas.

Foi entón cando se impuxo unha desas reunións familiares que tanto me divirten. Mentres miña avoa se afanaba en demostrar que aquilo aínda tiña arranxo cun bo labor de agulla, e miña irmá suxería con moi mala idea pola súa parte que tamén podía levar o que ela vestira dous anos antes —«total, Mina só trae un ou dous talles máis do que eu gastaba aos quince»—, suxestión que foi rexeitada no acto por miña nai (que é das da vella escola: antes espida ca repetida), eu abrín o armario e tirei, coma quen non quere a cousa, o único exemplar do meu gardarroupa que, a ollos de miña nai, se podía considerar «de vestir»: un dúas pezas malva de pantalón acampanado apenas estreado uns meses antes cando á pánfila de miña curmá Silvia se lle ocorreu a brillante idea de nomearme testemuña da súa voda, e que por suposto endexamais volvera poñer. Postos a elixir entre ir feita unha bailarina do Bolsoi ou levar aquela peperetada coa que, segundo meu pai, se me vía toda unha muller, quedaba sen pensalo coa segunda opción.

Meu dito, meu feito (que remedio).

O certo é que me encantou ver a cara entre sorprendida e contrariada de miñas tías cando

un pouco despois me viron de pantalóns tamén para aquela ocasión.

—Ti sempre a dar a nota, miña filla —ros-mou tía Xela mentres me estampaba nas meixelas un par deses bicos húmidos que tanto noxo me dan.

—Non lle fagas caso, xa sabemos o que pasou —comentou deseguido tía Rita, coma se eu necesitase aquel comentario bondadoso para me sentir mellor.

Tía Sara limitouse a mirarme con desaprobación e colocar unha das lapelas da chaqueta —que, como non, levaba virada—, e tía Lupe pasou por alto as etapas que xa percorreran súas irmás para dicirme que estaba preciosa, «aínda que non che viría nada mal baixar un par de quilos de aquí», comentou sen pararse a pensar se a min me gustaría que me tocase o cu. Un encanto, a tía Lupe.

Finalmente estaba Olga. E Olga limitouse a dedicarme un sorriso sincero e ceibar un «ben feito» mirando para as miñas pernas que me recordou que tamén ela estaba á forza naquel tipo de pantomimas familiares.

A segunda innovación imprevista encargouse de introducila, moi ao seu pesar, miña irmá, responsable de conectar o equipo para que soase o consabido vals vienés. Conectar é certo que o conectou pero, que se oíu? Pois a voz rouca de

Luz Casal a repetir a treu iso de «no me importa nada». Que, dito sexa de paso, veu como anel ao dedo. Un dez para ti, Clariña.

Houbo vals, claro que o houbo a pesar diso, pero xa non me importou. Naquel momento tería bailado o que me botasen, esmendrellada de risa no ombro de meu pai, que a duras penas podía conter as ganas de ceibar unha gargallada. No máis íntimo, agradecín a intervención daquela man negra que o desbarataba todo para me organizar unha festa dos quince realmente miña.

Unha vez que quedamos ben mareados de dar voltas, chegou o momento dos agasallos, que debo recoñecer era o único que non me desagradaba de todo o relativo á celebración do meu aniversario. E é que a ninguén lle sabe mal que lle regalen cousas, aínda que saiba que moitas delas van acabar resultando inútiles ou que simplemente non casan en absoluto cos gustos que unha ten.

Empecei a desenvolver primeiro o paquete que me preparara miña irmá, e antes de terlle despegado todas as cintas adhesivas xa tiña a certeza de saber que contiña aquela caixiña tan repenica. Non te coñecerei eu, Clara. Dentro, como era de esperar, agardaba un estoxo repleto de pintura para os ollos, rímel, colorete, pos, maquillaxe e demais cosméticos dos que miña irmá é asidua consumidora.